

VICTORIA BENEDICTSSON

Cartos

Traducido por Marta Dahlgren



Hugin e Munin

I

Na aldea non había máis ca unha rúa, se cabe darlle tal nome, pois pouco máis era ca un carreiro en pésimoo estado e sen empedrar. Nunha das beiras, levantábase unha ringleira de cinco ou seis vivendas ruíns, e na oposta albiscábanse unhas cantas casas de labranza separadas por extensas hortas. As granxas parecían respectables, coas vivendas e as cortes agrupadas no interior dun cuadrilátero, malia que calquera paseante dende a estrada só vería a traza nada amable das tra-seiras e os muros dos cortellos. Polas regañas das portas abertas entrevíanse os patios, pero non se apreciaban máis seres vivos ca as galiñas a aparruñar entre o feo.

O verán fora chuvioso e frío, mais rematara.

Unha moza apareceu pola rúa. Paseaba coas mans nos petos do abrigo, que xa lle ía algo escaso. Transmítíale dicia e ousadía. Non camiñaba cos pasos curtos e coquetos propios dunha señorita de cidade, senón cun desleixo adolescente. Espreitou os nubeiros grises, por ver se chovería de novo.

Deseguida abriu unha das casoupas e accedeu ao ástrago, tan estreito que as portas chocaban unhas coas outras; a seguir, abriu a porta interior, o que desatou

o estrondo furioso dunha campá. Tratábase da tenda da aldea, o único lugar onde era posible mercar tabaco, café ou azucre. A dicir verdade, máis ca unha tenda semellaba un tugurio, pois era un espazo baixo, escuro e enfeluxado, co cheiro indescritible a papel de envolver, xabón líquido e a saber que máis.

Había un home novo debruzado sobre o mostrador, coa cabeza metida nun libro. Lucía tan luminoso e amable como a tenda escura e hostil. Ao que entrou a moza, ergueuse para lle facer unha reverencia. Era un tipo bastante guapo. Os seus louros e ondulados cabelos, que levaba peiteados cara a atrás, brillaban coma a seda. Tiña a pel clara coma a dunha muller, e sería difícil atopar un par de ollos máis azuis ca os seus. Tras os cristais das lentes intuíase certa intelixencia e, asemade, algo reprimido na súa expresión; ao redor dos beizos espontaba un trazo de debilidade que, de aumentar sequera un chisco, denotaría depresión. Nel non había afouteza nin virilidade. Pola contra, imitaba unha desas plantas nas que, por lles faltar a luz, as follas non agroman verdes senón brancas.

A ninguén se lle ocorrería dirixirle unha mala palabra a Axel Möller. Pola postura e as maneiras, daba a impresión un tanto difusa de andar a desculparse de continuo. Sen buscalo, espertaba compaixón, pese a non ser vello, nin pobre, nin estar doente. Incluso os modos de Selma Berg, se callar máis masculinos ca femininos, amansaban un chisco cando falaba con el.

—Non veño mercarlle nada, senón pedirlle algo —díxolle non ben chegou á barra.

—Pedirme... a min? —estrañouse o mozo, ledó e coas fazulas encarnadas.

